



ANUNCIO

Asunto: APROBACIÓN DA DELEGACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE FENE NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO DAS AUGAS RESIDUAIS VERTIDAS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL (ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL Nº 19).

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada en data 06 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo, cuxa parte dispositiva di:

Primeiro: Delegar na Deputación Provincial da Coruña as seguintes competencias:

Recadación voluntaria e executiva da seguinte taxa de notificación colectiva mediante padrón e cuxo cobro se realice por trimestres ou períodos superiores:

-Taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal (ordenanza fiscal municipal nº 19).

O exercicio das competencias delegadas levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.

Segundo: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a partir da data de publicación, para a presentación de alegacións que serán resoltas polo Pleno do Concello. De non presentarse ningunha, este acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Juventino José Trigo Rey.

C.I.F.: P-1503600-G